

VEN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO

Roteiro para grupos escolares



Oferta Cultural

Cultura castrexa

Castromao (a 2km de Celanova): un dos xacementos máis lonxevos (s.VI a.c. - II d.c.) e no que se evidencia unha forte romanización. Novidade: reconstrucción dun barrio castrexo a 100m.

Baixa Idade Media

Vilanova dos Infantes (a 1,5km de Celanova): pequeno burgo medieval moi ben conservado, no que destaca a Torre da Homenaxe. Tamén se pode visitar a Cova de San Vivían onde se atopa unha mostra etnográfica sobre os zapateiros. Lugar cheo de referencias literarias por Curros e Méndez Ferrín.

Alta Idade Media

Capela mozárabie de San Miguel (dentro do conxunto do mosteiro): datada no s.X e única no seu estilo en Galicia.

Idade Moderna

Mosteiro de San Salvador: fundado por San Rosendo. Este fermoso mosteiro barroco do s. XVII e XVIII foi usado tamén como prisión durante a represión franquista, despois da súa desamortización. Conta con dous coros, un órgano usado para concertos didácticos e unha biblioteca ubicada nun dos claustros usado como centro de secundaria de Celanova.

Idade Contemporánea

Casa dos Poetas: casa familiar de M. Curros Enríquez, un dos principais representantes do Rexurdimento, onde se afonda na súa vida e obra e se atopa unha aproximación a Celso Emilio Ferreiro e outros poetas da vila

Suxerencia de horario

11:00 Recepción e visita á **Casa dos Poetas**

Descanso

12:30 Visita ó **Mosteiro de San Salvador** e **Capela de San Miguel**

Xantar

15:30 **Proposta literaria**: lectura guiada de poemas de Curros e Celso Emilio pola vila, realizada polos propios alumnos. Ver páxina seguinte.

Descanso

17:00 Visita a **Vilanova dos Infantes**

18:00 Visita a **Castromao** ou fin da xornada

(Visitas adaptables a cada grupo)

Tarifa 2016: 1.50€ por persoa.

Disponibilidade de aloxamento no Albergue Municipal.

A flexibilidade do horario permite incluír outras actividades como os concertos didácticos de órgano.

Consúltanos sen compromiso. facilitáremosche a viaxe!

Fundación Curros Enríquez - 646026421 - fundacion@currosenriquez.es
Oficina de Turismo - 988432201 - turismo@concellodecelanova.com

VEN COÑECER A CELANOVA DE CURROS E CELSO EMILIO

Percorrido literario pola vila de Celanova



A través dos textos de Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro pódese facer un interesante percorrido por Celanova e as súas rúas. Nós suxerímosche os seguintes poemas e ofrecémonos a acompañar ó teu grupo para realizalas nos lugares de inspiración ademáis de realizar unha breve explicación do contexto.

Suxerencias de textos

Manuel Curros Enríquez

CANTIGA

A IGREXA FRÍA

Celso Emilio Ferreiro

LONGA NOITE DE PEDRA

MAIO 1972. I

XANEIRO 1972. II

A TABERNA DO GALO (fragmento)

Para un mellor aproveitamento da actividade recomendamos que os alumnos sexan os encargados de realizar as lecturas. Ó comezo da actividade distribuiremos folletos coas lecturas para que todos poidan seguilas.

Fundación Curros Enríquez
fundacion@currosenriquez.es
646026421